



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALLEGOS DEL URUGUAY (AEGU) PARA O FOMENTO DA COOPERACION ENTRE EMPRESARIOS DE ORIXE GALEGA DE URUGUAI E EMPRESARIOS GALEGOS DE GALICIA

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica, con NIF Q6550010J e domicilio social no Edificio IGAPE, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, en calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2023).

Doutra, Jorge Expósito Domínguez, en nome e representación da Asociación de Empresarios Gallegos del Uruguay (AEGU), Rexistro Único Tributario (RUT) 215728250013, con domicilio na rúa Tiburcio Gómez 1330, na súa calidade de presidente.

Todas as partes recoñécense mutuamente con capacidade xurídica abondo para formalizar este acordo e manifestan ter vixentes os seus poderes e ter capacidade suficiente para obrigar ás súas representadas en virtude do presente convenio, e para tal efecto

MANIFESTAN

PRIMEIRO. Que o Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante, IGAPE), creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, do 22 de abril. Configúrase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego baseado nun tecido empresarial moderno, internacionalizado e competitivo.

Entre as funcións encomendadas ao IGAPE en relación á expansión exterior –en virtude do disposto no artigo 4 da súa lei de creación–, están as de promover a creación de empresas nos distintos sectores de actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega, favorecer a modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas galegas, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras, así como apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia especialmente as de maior importancia estratéxica.

SEGUNDO. Que a Asociación de Empresarios Gallegos do Uruguai (en adiante, AEGU), é unha asociación civil sen fins de lucro, constituída o 27 de novembro de 1989, e rexistrada no Rexistro Único Tributario da Dirección Xeral Impositiva co número 21.512825.0013 e ten domicilio nesta cidade na rúa Tiburcio Gómez número 1330.

Entre as actividades e fins da AEGU caben resaltar, entre outras, as seguintes:

- Congregar, coordinar, representar, fomentar e defender os intereses empresariais dos asociados.



- Promocionar actividades empresariais entre e cos galegos e/ou os seus descendentes en todo o mundo e especialmente en Galicia.
- Contribuír a un maior entendemento dos asociados cos organismos oficiais.
- Colaborar coas autoridades constituídas, con proposicións e participación efectiva na elaboración de proxectos de desenvolvemento empresarial.
- Establecer e incentivar o intercambio con entidades semellantes do país e do exterior, desenvolvendo os convenios que fosen de interese da asociación.
- Procurar o perfeccionamento empresarial dos novos empresarios especialmente en Galicia, con seminarios universitarios, prácticas en empresas, cursos etc.
- Fomentar a realización de congresos, xornadas, encontros, simposios, conferencias e eventos similares de temática empresarial, e participar neles.
- Intercambiar información entre os seus asociados e entidades de natureza similar, acerca da actividade empresarial dos seus afiliados.
- Orientar aos seus afiliados sobre perspectivas de organización e de mercado, aconsellando emprendementos, participacións e investimentos, de acordo con a información brindada polos departamentos xurídico e de economía da institución.

Para un mellor cumprimento dos fins sinalados, AEGU poderá levar a cabo, entre outras, as seguintes accións:

- Publicacións informativas para os asociados.
- Xornadas de negocios, almozos de traballo e almozos con debates.
- Acordos de colaboración con empresas.
- Organización do *Día do Emprendedor Galego no Uruguai* e outros eventos similares de promoción.
- Representación da asociación a nivel institucional.
- Constitución por acordo da Xunta Directiva, dentro do seo da asociación, das comisións e grupos de traballo que se consideren convenientes na forma e condicións de funcionamento e xestión establecidas nos estatutos.

TERCEIRO. Co fin de promover a cooperación entre empresarios e profesionais de Galicia e empresarios socios da AEGU considérase oportuna a sinatura deste convenio.

Son obxectivos fundamentais deste convenio a información e detección de oportunidades de negocio entre os seus membros e asociados, o establecemento de alianzas comerciais, tecnolóxicas e profesionais, así como a realización de investimentos individuais ou conxuntos en Galicia.

Xustifícase o uso da figura do convenio polo feito de que AEGU é a única entidade que representa de maneira colectiva os intereses multisectoriais dos empresarios galegos nese país.

Por outra banda, mediante este convenio, o IGAPE non encomenda a AEGU a xestión de servizos, senón que establece un marco de colaboración no que se poñen en común as experiencias e ámbitos de competencia de ambas partes para acadar un fin común de interese público: reforzar e consolidar a relación entre empresarios galegos de Galicia e do Uruguai. Esta fórmula garante unha canle axeitada, rigorosa e segura, baseada na colaboración leal e profesional entre os asinantes.

É esta idea de colaboración na consecución do fin común de fomento das relacións empresariais a que fundamenta a subscripción deste instrumento. A colaboración entre o IGAPE e a AEGU axústase a principios de lealdade, transparencia, boa fe, achega e responsabilidade.

Polo anteriormente exposto, a Asociación de Empresarios Galegos do Uruguai e o IGAPE están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGAPE e AEGU, para o fomento da cooperación entre empresarios galegos de Galicia e empresarios orixe galega de Uruguai co obxectivo de fortalecer os negocios e alianzas deste colectivo, establecendo as bases que permitan a realización das seguintes accións a o longo do ano 2025:

1. Novo Talento Emprendedor

Programa de formación desenvolvido en colaboración co Centro de Innovación e Emprendemento (CIE) da Universidade ORT Uruguai, co obxectivo de promover iniciativas emprendedoras lideradas por descendentes de galegos en Uruguai. Esta iniciativa busca achegarse ás novas xeracións e apoiar a transformación das súas ideas en proxectos sostibles que xeren emprego e impulsen novas oportunidades de investimento.

Como peche do programa, os participantes gañadores terán a oportunidade de realizar unha experiencia en Galicia, durante a cal percorrerán un tramo do Camiño de Santiago e se vincularán con representantes do ecosistema emprendedor local, promovendo o intercambio formativo, a cooperación e a creación de redes de contacto.

2. Cambio de marca

O logotipo de AEGU data da fundación da asociación, hai 35 anos. Nun proceso de modernización e fortalecemento da identidade institucional, proponse a actualización da imaxe da organización e o cambio de denominación de AEGU a EGU (Empresarios Galegos do Uruguai).

Ao mesmo tempo, esta modificación axudaranos a diferenciarnos foneticamente da sigla que, en Uruguai, identifica unha institución gremial de longa traxectoria no país (AEBU – Asociación de Empregados Bancarios do Uruguai).

O relanzamento da marca incluírá unha campaña de difusión en redes sociais e a organización dun evento de presentación, co obxectivo de reforzar a visibilidade da asociación, consolidar o seu posicionamento no ámbito empresarial e salientar o noso vínculo con Galicia.

3. Estudo para a análise do Impacto Económico da Colectividade Galega no Uruguai

Co obxectivo de dimensionar a relevancia e profundidade da inserción dos emprendementos de orixe galega na economía uruguia, tanto pola súa incidencia no PIB en termos de ingresos como pola súa capacidade de xeración de emprego, levarase a cabo unha análise dunha mostra representativa de empresas galegas establecidas no país, así como de empresas uruguaias cuxos propietarios sexan de orixe galega e/ou manteñan vínculos comerciais con Galicia.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para a execución das accións recollidas na cláusula primeira é de trinta e tres mil euros (33.000,00 €) que se distribúen do seguinte xeito:

Actividades	Custo total estimado realización acción
Novo Talento Emprendedor	26.000,00 €
Cambio de marca	1.500,00 €



Estudo para a análise do Impacto Económico da Colectividade Galega no Uruguai	2.500,00 €
Gastos de persoal	3.000,00 €

Deste orzamento, o IGAPE financiará a contía máxima de trinta mil euros (30.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2025.

No caso de que as facturas ou documentos mercantís presentados non veñan acompañados de documentos bancarios de cargo nos que conste o cambio en Euros €, establecerase como criterio para a conversión en Euros o tipo oficial de cambio do Euro do BCE na data de pagamento das facturas.

AEGU contribuirá cunha achega de tres mil euros (3.000 €) para o ano 2025 cos que cofinanciará os gastos de persoal asociados á execución das actividades.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das accións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas inferiores ao 20% nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e as accións que se leven a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros.

TERCEIRA. OBRIGA DAS PARTES

1. A AEGU queda obrigada á realización do obxecto do presente convenio e a realizar todas as actividades precisas para que as accións do convenio se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver as accións recollidas no anexo II do convenio para o ano 2025.
- Achegar un total de 3.000 € para o cofinanciamento das accións recollidas no anexo II.
- Incrementar as relacións entre a AEGU e o IGAPE e a Xunta de Galicia.
- Favorecer os contactos entre a Xunta de Galicia, o IGAPE e as principais institucións económicas e empresariais promovendo acordos e/ou convenios con, entre outros, as principais institucións ou asociacións empresariais urugaia, que contribúan a facilitar desenrols e cooperación económicas.
- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as accións que propoña ao amparo deste convenio, a Xunta de Galicia, o IGAPE, os clústeres ou as asociacións galegas que contribúan a fomentar a colaboración entre os empresarios galegos socios da AEGU e as empresas galegas, ben directamente ou ben a través das asociacións e clústeres.
- Divulgar, buscar activamente e propoñer Galicia como destino de investimento dos empresarios socios da AEGU.
- Achegar, antes do vencemento do prazo de xustificación un informe final anual coas principais accións desenvolvidas ao longo do ano, que acrediten as actividades desenvolvidas, así como os informes e demais documentos que, de ser o caso, sexan requiridos polo IGAPE, aos efectos da correcta xustificación do desenvolvemento das actividades subvencionadas.
- Someterse á inspección e control do IGAPE co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a súa xustificación financeira.
- Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos previstas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Facer constar expresamente a colaboración prestada por IGAPE en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización do seu correspondente logotipo identificativo.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.



2. Compromisos e obrigas do IGAPE:

- Colaborar no financiamento do custo das accións previstas a través da concesión dunha achega por importe máximo de trinta mil euros (30.000,00 €).
- Apoiar as accións previstas na cláusula primeira para o ano 2025, facilitando a coordinación entre AEGU e outras entidades do ecosistema emprendedor galego para reforzar o programa *Novo Talento Emprendedor* e favorecer o intercambio de experiencias.
- Contribuír á difusión e promoción da nova imaxe corporativa da asociación, apoiando a organización do evento de presentación da nova marca e a súa visibilidade no ámbito empresarial galego.
- Colaborar no impulso e divulgación do *Estudo para a análise do Impacto Económico da Colectividade Galega no Uruguai*, facilitando canles de contacto coas autoridades e entidades relevantes en Galicia para maximizar o aproveitamento dos resultados do estudo.
- Participar, polo menos unha vez ao ano, nun encontro entre o Igape e os asociados de AEGU para trasladar as diferentes accións de promoción e desenvolvemento económico que se estean levando a cabo por parte da Xunta de Galicia, así como para identificar novas oportunidades de colaboración.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. O prazo de presentación da solicitude de cobramento no IGAPE será desde o día seguinte á finalización das accións indicadas na cláusula primeira e rematará o 15 de decembro de 2025.

2. A xustificación presentarase vía electrónica na oficina virtual do IGAPE na páxina <https://www.igape.gal>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación. A AEGU responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

3. A solicitude de cobramento virá acompañada da seguinte documentación:

- a) Informe/memoria xustificativa asinada e selada pola persoa representante legal do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das accións levadas a cabo, dossier fotográfico e resultados obtidos.
- b) Certificación dos gastos, segundo o modelo do anexo I, facendo distinción entre: gastos de persoal, gastos de subministracións e servizos e outros.
- c) Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou autorización para que a Xerencia do IGAPE realice estas consultas polos seus propios medios, segundo o anexo I.
- d) Declaración responsable asinada pola persoa representante legal con poder suficiente, doutras axudas de carácter público ou privado para os mesmos gastos obxecto deste convenio ou, se é o caso, ausencia das mesmas, segundo o anexo I.
- e) Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo I.
- f) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), ou tributo sobre o consumo análogo existente en Uruguai se é o caso, documentación acreditativa da mencionada exención.
- g) Non se terá en conta para o pagamento das facturas os importes pagados en concepto de IVE ou de ou tributo sobre o consumo análogo existente en Uruguai, se é o caso.
- h) Ademais, e para xustificar a aportación de AEGU ao presente convenio, relación, mediante documentos oficiais correspondentes tales como facturas, nóminas, etc., dos gastos propios incorridos para o desenvolvemento das distintas obrigas que asume AEGU, entre os que caben salientar os seguintes (segundo o modelo do anexo I):
 - Gastos de persoal de AEGU.
 - Pago de alugueiros da sede social da AEGU.
 - Gastos de material e consumibles necesarios para o desenvolvemento das accións de AEGU.
 - Gastos operativos da sede social de AEGU tales como teléfono, luz, auga, gas, etc.



- Outros gastos incorridos imputables ás obrigas que asuma a AEGU.

Todos os gastos computables deberan ser xustificados mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Será obrigatorio presentar tres orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 €, excluído IVE ou tributo sobre o consumo análogo, e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

Os gastos nos que se incorra serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e reducirán o importe total a chegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio. Todos os gastos externos xustificados deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificados, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

En todo caso, o IGAPE, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa realización das accións obxecto deste convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Procederá a minoración das contribucións cando as accións desenvolvidas e xustificadas o abeiro deste convenio non acaden os importes dos gastos xustificables.

No caso de producirse unha realización deficiente do proxecto, considerarase incumplido o convenio e non procederá o pagamento do mesmo.

A AEGU manterá a disposición do IGAPE ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

QUINTA. DIRECTORIO DE EMPRESAS E PROFESIONAIS GALEGOS DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE URUGUAI

Coa sinatura do presente convenio, AEGU comprométense a entregar nun prazo de tres meses o directorio actualizado de empresarios e profesionais de orixe galego pertencentes á asociación.

SEXTA. DIFUSIÓN

A AEGU comprométense a difundir e promocionar entre os seus asociados, tanto a sinatura do presente convenio, como as actuacións que se desprendan do mesmo, para desta maneira axudar ao seu mantemento e crecemento.

SÉTIMA. VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio entrará en vigor o día da sinatura do mesmo e terá duración ata o 30 de decembro de 2025, podendo prorrogarse por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, previo acordo das partes.

O convenio extinguirase polo cumprimento das accións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:



- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen accións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das accións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Reunirase a petición dunha das partes, e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

A citada comisión estará presidida por un dos representantes do IGAPE. En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na sección III, capítulo I, título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

NOVENA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de Seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

DÉCIMA. PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o IGAPE e a Consellería de Economía e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

AEGU deberá subministrar toda a información necesaria para que o IGAPE poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.



As partes asinantes do convenio prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de AEGU, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal cunha finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tiveran acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a AEGU, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O IGAPE responde fronte a AEGU do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución do convenio.

DUODÉCIMA. RESPONSABILIDADE

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as accións obxecto deste convenio e o IGAPE, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

TERCEIRA. NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

O presente convenio rexerase polo dereito español, sendo competentes para a resolución de controversias os xulgados e tribunais españois. Así mesmo, ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co seu artigo 6 e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ambas partes comprométese a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

En caso de conflito, ambas partes acordan someterse á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplícase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data e lugar indicados no encabezamento.

Polo IGAPE

Coyadonga Toca Carús
Directora Xeral



Por AEGU


Jorge Expósito Domínguez
Presidente



ANEXO I DECLARACIÓNS E AUTORIZACIÓNS

_____, con DNI _____, en nome e representación da entidade Asociación de Empresarios Galegos de Uruguai con número de identificación fiscal 215728250013

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que a entidade a que represento non mantén ningunha débeda nin obriga pendente coa administración tributaria estatal española e galega, coa Seguridade Social española nin coa Xunta de Galicia.

AUTORIZO expresamente ao IGAPE para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda e Administración Pública e da Seguridade Social a información relativa ao cumprimento por parte da entidade que represento das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa Comunidade Autónoma.

A entidade comprométese a comunicar ao IGAPE calquera cambio ou novidade na información que e pola presente se declara, a partir da data abaixo sinalada e ata a finalización da liquidación do convenio de referencia.

DECLARO, baixo a miña responsabilidade: que para os mesmos gastos acollidos ao convenio entre o IGAPE e a Asociación de Empresarios Galegos de Uruguai para o exercicio 2025, a entidade que represento:

- Non ter recibido ningunha outra axuda nin pública ni privada.
- Ter recibido as seguintes axudas polos importes que se detallan:

Organismo convocante	Data de solicitude	Importe solicitado (euros)	Data de aprobación	Importe recibido (euros)

DECLARO que as accións contempladas e realizadas na anualidade 2025 incluídas neste convenio entre o IGAPE e a Asociación de Empresarios Galegos de Uruguai (AEGU) foron as seguintes:

Descrición da acción	Data e lugar celebración	Importe total do custo da acción	Relación das facturas incorridas na celebración da acción, incluíndo importes.

Relación, mediante documentos oficiais correspondentes tales como facturas, nóminas, etc., dos gastos propios incorridos para o desenvolvemento das distintas obrigas que asume AEGU, entre os que caben salientar, a modo de exemplo, os seguintes:

Concepto Gasto	Importe do gasto incorrido
----------------	----------------------------



Todos os gastos computables deberán ser xustificados mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, para os efectos de poder ser beneficiario das contribucións obxecto deste convenio, que os datos consignados nesta declaración relativos á conta bancaria aberta ao nome da entidade a que represento son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

.....,de.....de.....

Asdo.....



ANEXO II
PROPOSTA DE ACCIÓNS DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE URUGUAI (AEGU) PARA O ANO 2025

....., con DNI, en nome e representación da entidade Asociación de Empresarios Galegos de Uruguai con número de identificación fiscal 215728250013

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que a entidade a que represento ten planificado levar a cabo, ao amparo do presente convenio, as seguintes accións ao longo de 2025 dende a entrada en vigor do convenio ata o 15 de decembro de 2025:

Actividades	Custo total estimado realización acción
Novo Talento Emprendedor	26.000,00 €
Cambio de marca	1.500,00 €
Estudo para a análise do Impacto Económico da Colectividade Galega no Uruguai	2.500,00 €
Gastos de persoal	3.000,00 €